

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E SETE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZASETE: -----

**PRESIDENTE:**

D. Telmo Martín González

**CONCELLEIROS/AS:**

- D. Juan Antonio Deza Otero
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Paz Lago Martínez
- D. Rafael Domínguez Piñeiro
- D<sup>a</sup> María Deza Martínez
- D. Marcos Guisasola Padín
- D<sup>a</sup> Silvia Freire Fernández
- D. Alfonso Rea Pérez
- D. Gonzalo Gonzalo Pita
- D. José Daniel Fernández Piñeiro
- D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez
- D. David Otero Domínguez
- D<sup>a</sup> Sandra Fernández Agraso
- D. Maximino González Miniño
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Coral González-Haba Pérez
- D. Roberto Carlos Agís Balboa
- D<sup>a</sup> Vanessa Rodríguez Búa

**INTERVENTOR:**

D. José Juan Vidal Vilanova

**SECRETARIO:**

D. Angel Luis López Pita.

=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as nove horas e cinco minutos do día vinte e sete de decembro de dous mil dezasete, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. TELMO MARTÍN GONZÁLEZ,** reuníronse os/as Sres/as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

**1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 27 DE OUTUBRO DE 2017.** Polo Sr. Presidente preguntáselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación á acta que se somete a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbbase a referenciada acta por unanimidade.**-----

**2º) PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2018. ORZAMENTOS SEPARADOS. CADRO DE PERSOAL.** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 21 de decembro de 2017 sobre esta proposta.

- **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular:** En materia de ingresos contémpanse os máximos dereitos recoñecidos ata novembro de 2017, porque o permite a lei, polo que se refire a pasivos financeiros figuran 1.500.000,00 €, só para financiar subvencións doutras administracións públicas, engadindo que existe aforro neto positivo e estabilidade presupostaria, respectando o plan de axuste ou, no seu caso, pedindo autorización. Hai mas de tres millóns de euros para facer fronte ao pago das expropiacións das parcelas dos Rocafort, tamén nos gastos correntes están 300.000,00 € para cubrir prazas vacantes e 100.000,00 € en incentivos ao rendimento, deixando aberta a posibilidade de incrementos salariais. No capítulo II figuran presupostados o 100% dos gastos correntes ata a data, mais o IPC, mentras que en investimentos, a data de hoxe, sabemos que para o Plan Concellos van 1.148.000,00 € no ano 2018, iso está reflectido e, é mais, no ano 2018 xa se pode adiantar a liña número 1 do seano 2019, que son uns 900.000,00 €. Polo tanto, neste orzamento, imos ter 900.000,00 € mais para investimento. É certo que nesa liña teñen que ser proxectos dos anos 2018 e 2019, pero xa se poden executar no ano 2018. E vamos a outro punto no plan de investimentos, que é a reforma do Pazo de Quintáns, con fondo propios de 340.000,00 €, pero tamén se orzan 1.021.000,00 € como transferencia de capital, no caso de que se conceda a subvención que solicitamos. Levamos outros dous plans directores de 750.000,00 € cada un. Para rematar, e non menos importante, gustaríame facer referencia á disposición final de persoal. Dicar que inicialmente este goberno valorou incluír un número maior de modificacións, pero finalmente decidimos deixalo para futuros anos, quero dicir que hai que ir pouco a pouco, dando pasos seguros. Polo tanto en materia de persoal, para o ano 2018, destacamos o seguinte: a modificación na entidade local para dous postos; un en intervención e outro no padrón. Créase unha praza de policía local, inspector principal. En relación a “Terra Sanxenxo” levamos o aumento do complemento específico para as prazas de axuda a domicilio e modifícase e aumenta o persoal de limpeza. E facer referencia á proposta de modificación do complemento específico que afecta a sete traballadores da sociedade “Nauta Sanxenxo”, quedando pendente que a aprobe o Consello de Administración, previa avaliación e informes pertinentes. O que temos aquí son as propostas que lle daremos ao Consello de Administración. Por tanto esta modificación afecta a 48 traballadores desta casa: concello, “Nauta” e “Terra”. Tamén no cadro de persoal inclúense, tanto as prazas de nova creación, como as vacantes que se manteñen do ano 2017, pero cunha salvidade, todas elas orzamentadas e, quero anunciar neste punto, que unha vez aprobado o orzamento, procederemos no primeiro trimestre do ano 2018 a cubrir o máximo de vacantes, realizaremos polo tanto unha oferta de emprego público. En definitiva, o orzamento cumpre con todos os informes previos favorables, teñen valor en sentido positivo, cumpren a regra orzamentaria, cumpre o plan de axuste e é a primeira vez en anos que se fan as contas antes de rematar o ano en curso, tendo unha capacidade investidora que non tivo nos anos anteriores. E é o primeiro orzamento nos últimos anos que contempla medidas de mellora no cadro de persoal. Para rematar a miña exposición, gustaríame agradecer o traballo e dedicación, tanto ao

señor Interventor, como aos compañeiros de área e aos técnicos de emprego, sen a súa axuda sería imposible ter traído á data de hoxe esta documentación.

**-Sr. Martín González, Presidente:** moitas grazas Sr. Guisasola Padín e agora ten a palabra a Sra. Rodríguez Búa.

**-Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita:** grazas, bos días a todos. Eu teño que dicir que para min estes orzamentos son a definición da forma de gobernar de Telmo Martín, un alcalde escaparate que goberna para gañar eleccións e non para velar polo conxunto do benestar dos nosos veciños. Síntomas de que sería un alcalde escaparate xa se podían deducir se valoramos as súas actuacións anteriores, tanto como xefe da oposición como na súa etapa de alcalde. Como xefe da oposición falar saíalle de balde, barbaridades todas, unha das que mais lembro e mais me gusta de exemplo; é dicir que se el fose o alcalde, o polígono industrial estaría listo en tres meses. O certo é que, cando tivo que poñelo por escrito no pacto de goberno entre o PP e os tres concelleiros de SAL, foi mais prudente e puxo data límite o 31 de decembro de 2017, pediu seis meses, prazo que, por certo, remata dentro de catro días, queda menos dunha semana. Eu case daría por sentado que este prazo no se vai cumprir, como tampoco se cumpriu o do parking da Praza do Mar, como tampouco creo que se vai cumprir o do Pazo de Quintáns, porque se mal non lembro, no pazo famoso, incluíase que antes de rematar 2017, tíñase que asinar un convenio entre todos, o Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia, Deputación de Pontevedra e o Concello de Sanxenxo, para poder levar a cabo a realización. Se teñen pensado cumprir todas esas promesas, pactadas e asinadas, soamente quedan catro días de moito traballo, de aquí ao 31 de decembro. Agora diríalle ao alcalde que tampouco se esforce demasiado, que pode irse de vacacións mañán, como tiña previsto, porque aínda que non cumpra co prometido no pacto cos seus compañeiros de goberno de SAL, non creo que vaian a tomar ningún tipo de represalia, nin a inmutarse sequera, así que pode irse tranquilo. Este pacto tamén foi un pacto de cara a galería para xustificar o inxustificable. En canto a súa actuación como alcalde, xa fai anos que encontrou a forma de arruinar este concello e iso a pesar de ter vivido os anos mais esplendorosos economicamente do Concello de Sanxenxo. Anos nos que mesmo chegamos a ter mais de seis millóns de euros de ingresos derivados da construción, a maiores dos que xa xera o Concello de Sanxenxo por se, cantidades que evidentemente fai moitos anos que xa non se xeran no Concello de Sanxenxo e claro, pensando que as vacas gordas do ladrillo ían a durar toda a vida, nos endebedamos como nos endebedamos, porque cando o señor Telmo Martín chegou de alcalde, no ano 1999, encontrou unhas arcas saneadas, con superavit e cando marchou, o ano 2007, deixounos con mais de 12 millóns de euros de débeda, que sumiron a este concello nunha etapa de absolutas restricións, tendo que chegar a despedir persoal do concello, tendo que chegar a aprobar un plan de axuste con moitísimas restricións, cunha vixencia que se prolonga ata o 2022 e, despois de todo o esforzo realizado por todos os gobernantes desde esa época, volve o Sr. Martín, despois de tantos anos de ausencia nos que estivo recorrendo Pontevedra, Madrid e mais, e, ¿Que propón? Volver endebedarse, atarnos de novo de mans e pes durante anos con débedas millonarias e propón uns orzamentos nos que a novidade é o endebedamento. Esta é a resposta do alcalde, Telmo Martín non sabe gobernar sen endebedarse. Volver a endebedarnos outra vez. ¿Aquí non se aprende dos erros? Mellor dito, normalmente se se aprende, o que pasa é que o que interesa é ter liquidez de forma inmediata para facer catro obras que lle sirvan ao alcalde escaparate para venderse de cara ás próximas eleccións. Un alcalde escaparate está claro que só podía traernos aquí un orzamento escaparate e este, definitivamente, o é. O primeiro dato que chama a atención é a suba de mais de 10 millóns de euros na partida de ingresos con respecto ao orzamento do ano pasado. Pasouse de ao redor de 22 millóns de euros de ingresos a uns 32 millóns. A cifra é tan impresionante como enganosa. De verdade que alguén se pode crer que nos

escasos dous meses que pasaron desde a aprobación do orzamento do 2017, que vostedes aprobaron por certo, conseguiron aumentar en 10 millóns de euros os ingresos deste concello. A verdade é que están incluíndo partidas, cartos, que poderían vir doutras administracións, sen saber realmente se eses cartos virán ou non, pero claro, aumentar de esa forma ficticia os ingresos, permítelle a Telmo Martín dúas cousas, por un lado vender en prensa, que queda moi ben dicir, “o gran xestor *Telmo Martín aumentou en 10 millóns de euros o orzamento do concello*”, mentira, e outra, aumentar o gasto en exactamente a mesma cantidade e os ingresos non sei se chegarán ou non, pero o gasto, practicamente con toda seguridade, farase. Para mín, persoalmente, a contabilidade sempre foi a arte da camuflaxe e da mentira e aquí o utiliza o alcalde escaparate para hacer o seu show, para vender a nada e para multiplicar o gasto e o endebedamento. Como se pode ter a insensatez de ser o responsable da ruina económica dos últimos anos do Concello de Sanxenxo e, aínda así, plantarse aquí hoxe, propoñendo mais endebedamento.

**-Sr. Martín González, Presidente:** moitas grazas Sra. Rodríguez Búa, ten a palabra o Sr. Agís Balboa.

**- Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto:** hola, bos días a todos e felices festas. Eu vou a ser breve tamén, aquí falou o Sr. Guisasola Padín do plan de axuste, eu non estiven nas comisións e non sei se hai plan de axuste ou non, ou o hai cando convén ou cando compensa, ou depende da época do ano, ao mellor é porque estamos en navidade e despois xa non o hai. Onte saíron unhas declaracións en prensa que falaban dalgún informe de intervención e estas cousas tamén me gustaría que mas clarificasen, decían que había algún problema, eu non sei se eso é certo ou non, eu creo que non, pero gustaríame que tanto o alcalde como o seu concelleiro me comentaran sobre o tema. É sorprendente, e esto se que é verdade, e recoñezo que se o señor Gonzalo, incluíndome eu mesmo o pouco tempo que estiven aí, en dous anos fixo un orzamento, pois o Sr. Telmo Martín, non sei como fai, pero en catro meses ou tres, fixo dous e iso a mín, a verdade é que me sorprende bastante. Hai que facelo, neste caso fíxose a tempo, a ver o que pasa agora. Despois, sobre o tema do que é o orzamento en xeral, reflectome ao que dixo a Sra. Rodríguez, incrementáronse 10 millóns respecto ao ano pasado, seguramente contando con apoios que virán de Madrid, da Xunta e outros sitios, é verdade que é unha cantidade bastante grande, o dos créditos tamén é verdade, ou sexa, o endebedamento este que se propón. Por outra banda hai que dicir, polo que eu entendín nas comisións, que se se fan os pagos á familia Rocafort, polo tema do parque que hai ao final do paseo de Silgar, como se tiña pensado, durante catro ou cinco anos, o tipo de xuro é dun 4% e, se se fai este tipo de crédito, pois creo que a porcentaxe vai a ser mais baixa dun 0,2 a un 0,5 %, polo tanto afórranse cartos, que é o que está propoñendo agora o equipo do goberno e, á parte diso, a característica desta opción e que se disporía dos terreos de maneira inmediata, cousa que non se disporía se se fai o pagamento en catro ou cinco anos, por eso hai un endebedamento, pero ten un beneficio. Iso é o que teño entendido, entón, por ese lado, ese tipo de crédito tería sentido. Os orzamentos separados das empresas municipais, “Nauta” e “Ínsula”, aprobáronse por unanimidade nos consellos de onte, senón me equivoco e a verdade que non varían moito, pero seguramente habería cousas que cambiar nas empresas municipais, como ben sabemos, pero non varían moito, pero eu se que recoñezo que se deberon facer as cousas ao revés. Como dixeron o outro día na comisión, na antesala, antes de facer os orzamentos do concello, igual se tiveron que facer os consellos de administración, tomar certo tipo de decisións e despois plasmalas aquí, toda esa parte fíxose ao revés, entón eu creo que iso se habería que melloralo bastante. É verdade o que dixo o Sr. Guisasola Padín, por primeira vez en non sei, catro anos, cinco ou seis, non sei os anos que son, auméntanse ou se forman partidas para aumentar os soldos de persoal, especificamente de xente

que está na limpeza, de servizos sociais, de Nauta, hai algunha praza aquí no concello, a ver se tamén se lle sobe un pouco. Está claro que hai mais xente que se lle debería modificar un pouco o soldo, sei de xente que ten un soldo que deixa algo que desexar e hai xente que ten moitísimo soldo, polo traballo ou polas circunstancias do que pasou nos últimos 10, 15 ou 20 anos aquí, pero se que é verdade que hai xente que seguramente lle haberá que modificar o soldo no futuro, se o plan de axuste do concello o permite, os traballadores do concello son como calquera traballador, sexan de aquí como doutra rama; a que sexa, tamén se merecen ter un aumento, sobre todo cando os soldos, como digo nalgúns casos, son bastante baixos e deberían de subir un pouco. Se este ano non se sobe a todo o mundo, seguramente nun futuro acabarase facendo, como todo, non se pode cambiar o mundo en dous días e, seguramente, nos presupostos do futuro, trataranse. Polo que falamos dos investimentos está moi ben levar moitas cousas, pero ao final existen os imprevistos e respecto das promesas, eu dou a razón en que houbo cousas que se prometeron e, ata o día de hoxe, non se fixeron, o polígono industrial é unha delas, que é bastante importante e se trata de darlle para diante. É unha das promesas estrela do señor alcalde, tamén cando estaba o tripartito e pasaron xa dous anos e medio e creo que non se fixo nada. E despois xa, para rematar nesta primeira parte, gustárame dicirlle ao Sr. Telmo Martín que eu mencionei varias cousas nas comisións, non moitas, porque como agora a oposición non somos a maioría, pois farán vostedes o que queiran, pero hai unha cousa que me preocupa, desde que eu estaba de concelleiro de cultura, que era a xuventude e repetínllo varias veces, sábeno ben aquí, cando eu xa non estaba no tripartito e son cousas sinxelas, que creo que se poden facer. Vostede de algunha maneira comprometeuse o outro día ou dixou que son cousas que quería facer e entón, quería que mo volvea a repetir aquí, a ver se é verdade ese compromiso que di. Falan de que levan unhas partidas para certas prazas vacantes, para cubrir a falta de persoal e eu sempre estou pedindo, desde fai dous anos e pico, que hai que reactivar a Oficina Municipal de Información Xuvenil, que é a OMIX, da que se despediu á persoa encargada fai anos, preocupábase moito polos rapaces e facía unha labor importante, becas, orientación, etc, na oficina do Pazo Emilia Pardo Bazán. Outra cousa, pedín no seu día facer un salón de ensaios para os grupos musicais do Concello de Sanxenxo, que é unha cousa que me interesaba bastante, porque houbo moita xente en Sanxenxo que mo dixou, grupos e xente relacionada coa música. E unha das prioridades que a mín me interesa potenciar é o turismo adicado a natureza e relacionado con rutas (ruta dos muiños, etc) e desas cousas, aquí en Sanxenxo, temos bastante, o caso da Lanzada e moitas outras cousas, como ben sabemos aquí hai un camiño real, pero non está indicado en ningún lado, entón este tipo de cousas, que son tres, son as miñas peticións, que levo pedindo fai moito tempo e vostede comprometeuse, entón gustárame saber se ratificarán o compromiso nesas cousas e se teñen pensado facelas ou non e, despois, mais tarde, según o que se vaia falando, falarei un pouquiño mais. Grazas.

**-Sr. Telmo Martín, Presidente:** moitas gracias Sr. Agís Balboa, agora a quenda é da Sra. González-Haba Pérez.

**- Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto:** hola, bos días a todos e a todas, vou facer unha cousa, véxome obrigada a elo, que non ten nada que ver con este pleno, eu metín un escrito por rexistro o día 27 de novembro de 2017, solicitando que se me facilitase a relación de asociacións, tanto veciñais, culturais, deportivas...etc. A día de hoxe aínda non teño a documentación e eu son membro desta corporación, no sei se se da conta. Dito isto, paso ao tema que nos ocupa e quero que quede reflectido na acta. O orzamento de 2018 ascende a 32 millóns de euros, nos que se inclúen os do concello, "Terra", "Nauta", "Ínsula" e "Turismo de Sanxenxo", supoñendo un importante incremento con respecto ao de 2017, que era practicamente de 23 millóns. Cando gobernaba o tripartito o saneamento das contas era un

obxectivo a alcanzar, agora claramente non o é, para todos os que formamos parte do tripartito, era un objetivo primordial a estabilidade económica, agora parece que xa non ten interese, nin para o Sr. Martín González, nin para os seus socios. Volve o Sr. Martín González, apoiado polo SAL, volve o endebedamento e as cargas que terán que pagar todos os veciños e veciñas de Sanxenxo. O plan de axuste, que dicía o Sr. Guisasola Padín que empezou no 2012 e remata en 2022, parece ter desaparecido nalgúns momentos ou, directamente, óbvíase, ou iso parece. Aquí, Agora, parece que non temos plan de axuste, agora temos moitos cartos. Presumen vostedes de que fixeron dous orzamentos nun tempo record, antes cando nos gobernábamos, cando era o tripartito, non se podía facer un novo orzamento senón se liquidaba o anterior, agora cambiaron as regras, agora se. Cando se cedeu a alcaldía nos tiñamos moi restrinxido o gasto e, ademais, non se podía facer o orzamento, porque non se había liquidado o anterior. É verdade que se pode facer e que é legal, pero antes tiñamos moi restrinxido o gasto, iso cambiou agora, cando chegou o bipartito había cartos. A mín chócame moitísimo que poidendo pagar o tema da finca de Rocafort con fondos propios, se opte por un crédito de 3 millóns de euros. Aquí saco unha noticia cando o Sr. Martín González era da oposición: *“Martín propón un crédito de 5,5 millóns para expropiar e urbanizar a parcela dos Rocafort, donde o tripartito ve un problema nos vemos unha oportunidade,- dicía o voceiro municipal do PP”*. Me temo que vamos hacia iso. Outro crédito que se vai pedir é de 1,5 millóns de euros para proxectos cofinanciados, como pode ser a rúa Progreso e o edificio cultural de Villalonga. Eu, a verdade, é que creo que vostedes se deben de centrar, agora que o PP é moi corporativo, en realidades e esixir ás administracións que se faga un colexio en Vilalonga, que o polígono industrial de Nantes se poña en marcha de verdade, como dicía a miña compañeira, Vanessa, paréceme que non van vostedes a logralo no tempo que dicían que o ían a facer. As rutas fluviais dos ríos Dorrón e Fabaiños, o outro día escoitei nunha comisión que dicía o Sr. Guisasola Padín que iso non interesaba aos veciños, se que interesa aos vecinos, Sr. Guisasola Padín, porque no río Dorrón está o 90% das cesións feitas, como debe de saber moi ben o concelleiro de medio ambiente. Por exemplo, outra cosa que poden vostedes facer, que é xestión, é arranxar o desprendemento que hai na Lanzada, que un día vai ocorrer algo serio, porque está moi perigoso. Eso é xestión, eso non é gastar, Patrimonio deu o “ok”, agora Costas ten que executar o proxecto. Insten a esas cousas. Moitas grazas, nada mais.

**-Sr. Martín González, Presidente:** moitas grazas Sra. González-Haba Pérez, agora tena palabra o Sr. Otero Domínguez.

**- Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego:** bos días, eu case que vou entrar a contestar algunhas cuestións e non porque teña esa función de contestar a ninguén, pero creo que hai cousas que convén interpretar, para que Telmo Martín e o seu grupo de goberno e socios, non saian coa súa, pensando todo o mundo que detrás deste orzamento hai vocación de mellora e de investimento. Vou referir primeiro á intervención do Sr. Guisasola Padín onde, con todos os respectos, reproduce o texto que é común a todos os orzamentos, da igual que sexa o deste ano ou o anterior, cheo de obviedades respecto das necesidades de cumprir con todos os parámetros establecidos pola lei en termos orzamentarios. Xa se entusiasmou cando dixo: *“Con todos os informes favorables”*, faltaría mais, se vostede ven aquí cos informes desfavorable,s ía ser cuestionado. Os informes favorables son un requisito crucial, a non ser que vostedes sexan temerarios nese sentido. Indo á cuestión concreta que se plantea no orzamento, volvemos a unha práctica presupostaría, que tampouco é admisible en todo caso, pero non obedecía ao criterio que establecíamos noutros momentos, que é integrar no orzamento municipal apartados económicos que proceden doutras administracións, refírome concretamente ao Plan Concellos, por exemplo, o que serve para inflar ou darlle mais cantidade ao orzamento, parece que se gaña capacidade de investimento debido a integración deses fondos,

noutro caso sería moito mais lóxico que se integrasen, se o concello cofinanciase estes proxectos. Pero, neste caso, referíndome concretamente ao Plan Concellos, mesmo totalmente financiado pola Deputación, están a xogarlla, porque poñen un dato estimativo sobre a base do ano pasado, pero un dato que é coñecido é que o investimento da Deputación ascende este ano a 1.975.000,00 e polo tanto hai un incremento notable, pero é para todos os concellos, polo tanto ten que ver co comportamento mais xusto no reparto que en todos os anos co PP na Deputación, con criterios de poboación e superficie do concello, pero quero dicir que iso é un dos grandes apartados de investimento, eu diría que o principal e, logo, hai un investimento municipal, este se, 100% do concello, de 3.025.000,00 euros en previsións de crédito, na procura de adquirir unha parcela de 1.700 m<sup>2</sup>, a razón de 1.780 €/m<sup>2</sup>, a coñecida parcela de Rocafort. Este é o gran investimento que vai neste orzamento pola parte do concello, é dicir, nada menos que queren facerse cunha parcela no centro de Sanxenxo, a razón de 1.780 €/m<sup>2</sup>, nos momentos de mercado nos que estamos, cando obviamente esos prezos, a día de hoxe, xa, afortunadamente, están bastante por debaixo. E mais, sen aproveitamento residual, cando dicía aquel titular de prensa: *“que onde uns ven un problema outros ven unha oportunidade”*, unha oportunidade que en absoluto está en mente desenvolver, basicamente porque sería un investimento imposible de amortizar e refírome a ese famoso aparcamento. Proba diso é que xa houbo outros antecedentes, outras empresas que nun momento dado postuláronse para poder facer aparcamentos en Sanxenxo e logo desistiron, porque unha vez analizado o custe, quedaba demostrado que non había ningún tipo de capacidade de recuperar esa inversión. Exemplo mais recente na época de Rafael Louzán na Deputación, onde tamén para arranxar o pavimento na rúa Rocafort, falaban de facer un aparcamento, é dicir ao lado da parcela de Rocafort e tamén desistiron e quedou deserto, porque ningunha empresa estaba interesada. Polo tanto é obvio que iso que se dicía nese titular de prensa, o único que pretendía era enmascarar a vergoña de que o Concello de Sanxenxo, debido as decisións políticas do pasado vinculadas a orxía urbanística, deron como resultado que, a día de hoxe, no ano case 2018, teñamos que asumir semellante investimento. Pero, unha vez mais neste orzamento, entre outras cousas, volvemos a frases preocupantes e, na xeración de patrimonio, recorrer a operacións a longo prazo. O plan de axuste é unha consecuencia da política económica nefasta do Concello de Sanxenxo, non todos os concellos están baixo un plan de axuste, este se, debido a esa acumulación de pago a provedores e, en consecuencia, estamos aínda baixo esa obriga e, polo tanto, queda manifestamente claro no plan de axuste que recorrer ao endebedamento a longo prazo non era unha opción, pero o que se está pretendendo aquí é recorrer nada menos que a un endebedamento a longo prazo, que sumatoriamente son catro millóns e medio de euros, polo tanto volvemos ao pasado. Cal é o obxecto de todo isto, pois a actitude insaciable de recuperar eses 936.000 euros para a inversión e logo que vaian pagando outros no futuro, cando baixo a nosa interpretación e sen dúbida para o plan de axuste, non se debe nin se pode recorrer ao endebedamento a longo prazo ata o ano 2022, o único que hai é unha actitude irresponsable coñecida aquí, como, por exemplo, a famosa piscina. Ir facendo e xa virán outros a pagar. Polo tanto este orzamento recorre a argumentos do pasado que, en definitiva, é loxico cando é o pasado quen está de volta, xunto con outras cuestións que xa foron tratadas neste pleno, como á volta a política urbanística, por exemplo, a suspensión de licencias, e dicir, todo isto débese a unha estratexia coñecida cando governa o Partido Popular, uns parece que temos que sanear para que outros veñan a disfrutar. E por ultimo, aínda que no segundo turno teremos que falar doutra cuestión, o Sr. Guisasola Padín antes fixo unha pirueta respecto dos incrementos salariais, porque hai dous que están vinculados a unha ampliación de xornada laboral, polo tanto aquí non hai incrementos dos ingresos, axuda no fogar e tamén no tema de limpeza, hai un incremento de horas e unha compensación lóxica, razoable e necesaria en termos salariais. Pero decía vostede que quedaba para o futuro algún tipo de actualizacións, volvemos ao mesmo, vostedes convocan aquí aos sindicatos para darlle o cumprimento a ese sindicato

colaborador necesario para propiciar un cambio de goberno, foron prometendo, fixeron aquí unha xuntanza, fixeron unha disposición de reparto para todo o mundo, publicaron na páxina do concello e, ao final, tiveron que levar o que podían levar, tivo o interventor que corrixirle esa actitude. Este podía ser un concello economicamente equilibrado se seguise cunha axenda que, evidentemente, a partir da chegada do goberno bipartito, variou considerablemente.

**-Sr. Martín González, Presidente:** moitas grazas Sr. Otero Domínguez e antes de darlle a palabra ao señor Guisasola Padín quero dicir algo, pero que a ninguén lle pareza mal. Eu creo que desde que estou aquí, de alcalde, nestes sete meses, fixemos varios plenos e son bastante benévolo co tema das intervencións de todos, pero sinceramente, a primeira parte da intervención que tivo cada un de vostedes eu creo que era para rebater a exposición que fixo o concelleiro de facenda do goberno e agora, na segunda parte, entenderán que demos tempo limitado para intervencións concretas. Prefiro que haxa tres intervencións mais, pero que sexan curtas e non facer intervencións largas. Ten a palabra o señor Guisasola.

**-Sr. Guisasola Padín:** moitas grazas Sr. alcalde, primeiro gustárame dicirle ao Sr. Otero Domínguez que non aprende, din que o home cae dúas veces na mesma pedra e non aprende. Vostede dixo “*O plan de axuste prohíbe ata o ano 2022 calquera tipo de prestamo extraordinario*”. Que diga vostede isto e que o siga afirmando agora, despois de que en comisión, eu dixéselle que estaba equivocado, parece increíble, polo menos búsqueo e léao. Ou descoñece o plan de axuste, que sería grave non, gravísimo, polas súas funcións e responsabilidade de goberno, ou coñecéndoo, como lle pasa á compañeira que ten ao lado, dá noticias falsas e o peor que hai en política é dar noticias falsas. Aquí o teño e son 71 páxinas, mire, vou dar un dato, cando estaba vostede gobernando, o seu plan de axuste, no punto catro pon: “*Durante toda a vixencia do plan de axuste non se poderán crear novas prazas de persoal*”. Entón incumprimos o plan de axuste, poque vostedes levaron aos presupostos a creación de novas prazas de persoal. ¿Como é iso? Sra. González-Haba Pérez, non me dea leccións de axustes e de pasalo mal, porque o que fala tivo que mollarse, crear o plan de axuste e tomar medidas moi duras e non vimos agora aquí a despilfarrar, despois do que pasamos estes catro anos. Entón, pódeme dicir como puideron crear novas prazas con informes favorables. Isto é moito mais sinxelo, hai que saber interpretar o plan de axuste, porque este ía cunhas medidas para os gastos e outras para os ingresos, pero cuantificadas e, para o persoal, cuantificábaas, creo lembrar, nuns 300.000 euros e asumía que eses 300.000 euros íanse conseguir coas xubilacións que se puidesen producir. Trimestralmente, desde o ano 2012, veñen a este pleno os informes de intervención sobre se se cumpre ou se incumpre e, no tema de persoal, a partir do ano 2014, existía superavit sobre o que se tiña orzamentado no plan de axuste. Grazas a ese superavit, Sra. González-Haba Pérez, no ano 2014 puidéronse modificar as necesidades e traer prazas de nova creación cos informes favorables e nos informes xustifícase perfectamente, iso é para que tomen nota e, ás veces, non cuspan para arriba, que lles vén de volta. No caso de endebedamento, na páxina 70, no primeiro punto pon “*Durante toda a vixencia do plan non se poderá cubrir endebedamento financeiro alto*”, efectivamente, ten toda a razón o Sr. Otero Domínguez. Pero no punto sete dí “*o recurso de endebedamento ao longo prazo se é indiscutible e excepcional*”, nos está dicindo que se é indiscutible e excepcional e sinala que “*non hai que endebedar por riba da cantidade prevista e realizada coa débeda a longo prazo*”, por motivos excepcionais como catástrofes naturais, gastos sociais e, fíxense no que pon o doce, “*e contribucións a plans de investimento confirmadas á data por outras administracións públicas*”, outra cosa é se vostedes non teñen capacidade para entender, que non é o meu problema é mais, aínda que o prohibiese, como prohíbe o financiamento de novas prazas, poderíanse pedir informes ao ministerio. Polo tanto, non se pode confundir á opinión pública e aos veciños, outra cosa, que eu respeto e que non estea



de acordo en que fagamos o endebedamento. Politicamente vostede terá a súa opinión e eu a miña, non digo o contrario e agora vou a defendela, pero o plan de axuste se o permite, é un punto moi importante. Con referencia ao endebedamento, gustaríame facer unha reflexión, porque aquí lle recriminan ao Sr. Telmo Martín, pero vamos a ver, unha reflexión que fago persoal, eu mesmo, para facer una casa, tiven que ir ao endebedamento, o endebedamento é algo normal ao que as persoas e as empresas recorren, o que hai que ter é capacidade para endebedarse e capacidade para pagar. Vostede facía a reflexión antes de que estamos pagando a piscina e podemos pasarnos anos pagando créditos, pero ¿Canto estamos cobrando da piscina? Más de mil personas diarias alí e ¿Como ía facer vostede a piscina? De onde saca tres millóns e medio de euros. Porque é moi fácil criticar, pero ¿Como se fai? Non poderíamos facer a piscina co que vostedes plantean, nin facer nada. Por eso volveron a donde están, por non facer nada. E para ir rematando e esto é moi importante señor Alcalde, non podo deixar de decírllo á oposición, porque senón xérase unha dúbida. Nos non vimos aquí a facer ningunha pirueta, prevemos que posibilidades temos. E temos a de seguir pagando os 963.000 euros polo plan que está estipulado e a do endebedamento, se facemos unha, eliminamos outra. Pero ¿Porque decimos que podemos ir ao financiamento? Porque a lei de sostibilidade financeira di que o endebedamento das administracións públicas ten que ir igual que a débeda do Estado, que hoxe non chega ao 1%. Agora, co que temos, estaríamos pagando á familia Rocafort un xuro do 4%, polo que o endebedamento supón un aforro de mais de 300.000 euros. Para rematar, dúas cousas soamente, como dicía o Sr. Agís Balboa, mentres non se pague o xustiprezo, non podemos tomar posesión do ben e se acudimos ao endebedamento, con ese aforro de mais de 300.000 euros, se liberamos 963.000 euros para investimento, claro que que vamos a liberalo e dígolle a vostede mais, aforramos 300.000 euros porque eu non xogo cos cartos dos veciños, como di algunha compañeira súa. E, por último e acabando xa este tema, querenme dicir que pagar os 3 millóns con fondos propios, que ao final vamos a pagar 4 millóns de euros ¿Non é endebedamento? Agora se me razoan das tres bondades que ten e o endebedamento financeiro, cal é peor que a que temos, pois mire, tereino que comprar. Agora aforramos 300.000 euros en xuros como mínimo, temos posibilidade de tomar posesión do ben e aínda, por encima, liberamos 963.000 euros para xerar investimento. Dígame vostede que é o malo do plan, non quero pensar que teñen interese en que se lle pague un 4% á familia Rocafort. De momento acabo, señor alcalde.

**-Sr. Martín González, presidente:** moitas grazas, Sr. Guisasola Padín, Sra. Rodríguez Búa, ten a palabra.

**-Sra. Rodríguez Búa:** en canto ao tema de persoal, creo que se bateu un record, presentastes unha proposta inicial que nin sequera sobreviviu ata a comisión informativa previa ao pleno, o mércores 20 envíasenos por e-mail a proposta e, ao día seguinte, cando chegamos á comisión informativa do xoves 21, esta proposta xa estaba retirada e había unha nova. As diferencias entre a retirada e a nova son moitas e importantes, a proposta retirada tiña a creación da praza de inspector principal e a supresión da praza de oficial policía; mantense en ambas propostas, aumento do complemento específico do auxiliar de administración de servizos de contratación; mantense en ambas propostas, creación da praza de animador sociocultural e supresión da praza de coordinador de bibliotecas; figuran na primeira e na segunda non, aumento do complemento de destino das ludotecarias; tamén se elimina, aumento do complemento específico dos dous técnicos en artes plásticas; elimínase na segunda, aumento do complemento específico dos auxiliares de axuda a domicilio; mantense, aumentos da xornada de traballadores da limpeza, hai uns 26 traballadores afectados, aos que lle sobe, mais ou menos, unha hora diaria; mantense. “Nauta”, aumento do complemento específico do auxiliar de oficina e dos catro auxiliares do parking; mantense. En forma de complementos de produtividade contémplese un aumento para a

policía local; elimínase, para o arquitecto municipal; elimínase, para o arquitecto técnico; elimínase, para o enxeñeiro técnico; elimínase, para o delineante; elimínase, para o tesoureiro; elimínase, para o xefe de servizo da auga; elimínase, auxiliar de oficinas do padrón; mantense pero como aumento do complemento específico, non como complemento de produtividade, auxiliar de oficinas de intervención; elimínase, auxiliar de intervención do catastro; elimínase, oficial encargado de praias; elimínase, oficial capataz servizo de obras; elimínase, oficial capataz de servizos de xaradíns; elimínase, técnico de emprego e persoal; elimínase, técnico en cultura; elimínase e técnico en educación; elimínase. En resumo, onde na primeira proposta creábanse dúas prazas, aumentábase a xornada de 26 traballadores (de limpeza) e prevíase o incremento da retribución anual de 71 traballadores, na segunda soamente créase unha praza fronte a dúas, auméntase igualmente a xornada dos 26 traballadores da limpeza e o incremento pasa a afectar a 33 traballadores en vez dos 71 iniciais. ¿Por qué tivo que retirarse a primeira proposta? Porque, como sempre, vostedes creñe por encima das leis e seguen sen darlle a importancia que se merece ao delicado tema do persoal, onde quitan e poñen segundo consideran e a quen lles interesa, pero iso non se fai así, alégrome de que lles parasen os pes, alégrome de que fosen principalmente os propios traballadores, agora cabreados, do que estou convencida, o que terá mais dunha consecuencia, que veremos seguramente nos próximos días e, senón, tempo ao tempo. Actuando desta forma é como se xerou o caos actual no que vivíamos neste concello, no que dúas persoas que comparten mesa e tarefa, teñen unha diferenza salarial abismal, iso é o que hai que corrixir e para iso hai que establecer un plan de acción, probablemente a varios anos, no que se consiga abarcar toda a problemática que vostedes xeraron e que, visto o visto, non teñen interese en solucionar. En canto á creación de prazas a que facía referencia vostede, na miña etapa de concelleira de persoal, o certo é que nós a puidemos levar a cabo porque se produciron unha serie de xubilacións que o permitían xustificadamente e dunha forma diferente a todas as propostas que vostede leva hoxe, porque todas as propostas ou practicamente todas as propostas que vosteden plantean no orzamento veñen condicionadas a solicitar autorización ao Ministerio de Facenda e iso revela que afecta ao plan de axuste, porque nos non tivemos que pasar polo trámite de solicitala. Polo tanto hai unha diferenza entre a creación de prazas que nos fixemos no seu día e as medidas varias que vostedes contemplan no orzamento de hoxe e nas que, en calquera caso, tanto para o endebedamento como para o pago de complementos e doutras medidas que teñen dentro do orzamento, deben solicitar previamente autorización ao Ministerio de Facenda, cousa que nós non tivemos que facer e ahí está a diferenza. Co cal, para cumprir co preceptuado polo alcalde, xa remato aquí esta intervención.

**-Sr. Martín González, presidente:** moi ben, moitas grazas, Sra. Rodríguez Búa, señor Agís Balboa....

**-Sr. Agís Balboa:** Por desgraza nesta sala, neste país, hai que facer política e este salón de plenos é un entroido, pero eu penso mirar para diante e o resto que fagan o que queiran. Sobre o polígono, o Revel e as cousas que se falaban anteriormente e que dí o compañeiro que hai que facer, espero que se fagan, porque xa vai sendo hora, tamén me gustaría que cando se fagan as obras, aquí en Sanxenxo, fáganse ben e non como pasou co Paseo da Lanzada, que xa van dúas veces, espero que non exista unha terceira, a min paréceme un pouco penoso, sexa a administración que o faga, espero que se fagan melloras, xa lle dixen o outro día o que hai que facer nesa zona, deixala peatonal e unha rotonda pola parte de arriba, deixar unha zona verde, pero as cousas fanse como se fan, sen un carril bici. Vendo as consecuencias esperemos que non haxa unha desgraza no futuro. Estamos falando aquí dos informes, tirando un para un lado e outro para outro, pero como todo, por desgraza ou por sorte, é modificable, neste caso e se as cousas van ben, o lóxico é mellorar. Parece ser, polo que teño escoitado ao señor interventor en

moitas reunións e comisións, cando as cousas van ben, eses informes, que as veces ten que solicitar a nivel estatal, danlle o visto e prace. O Sr. Guisasola Padín comentou varias cousas e a min paréceme que se hai un equilibrio, cúmprense todos os requisitos, pois se se poden facer certas inversións, mesmo pedindo créditos ¿Por qué non? As empresas e a xente están cansadas de que non se faga absolutamente nada. Mencionaba a señora, creo que Coral, nunha nota, que que o señor Telmo ia facer apartamentos e salóns sociais, pois mire, eu non é por nada, pero prefiro qu se fagan aparcamentos, que fan falta, a que esté iso como está, abandonado. Os problemas hai que afrontalos e soluciónalos. Se non o fixeron vostedes, os que estiveron antes que Telmo, incluído eu mesmo, pois hai que facelo, o que non se pode facer é estar tirando a pelota duns aos outros, como está a suceder, que leva vinte anos sen solucionarse. Se a Rocafort hai que pagarlle, pois hai que buscar a maneira e eu considero que é así, pero cada un que pense como queira. Como xa dixen, a xente de Sanxenxo está cansada de moitas cousas, pero tamén é verdade que eu creo que está mais cansada de que non se faga absolutamente nada, que non se mellore nada e non se arranxe nada. A crise comezou no ano 2007 ou 2008, pero, como dixen, leva vinte anos así o porto deportivo, o polígono leva parado tropecentos anos, o Revel leva tropecentos e algo, os Muiños están en construción desde fai dez anos e non se fai nada. Entón, díganme vostedes se queren seguir pelexando e que o tempo pase e, mentres tanto, non se faga nada en Sanxenxo. Pois eu considero que non, eu creo que estamos xa no ano 2018 e hai cousas que teñen que pasar e hai que darlle para diante. De momento é o que vou dicir, pero aínda así quero que me conteste ao que dixen antes sobre os compromisos, non me dixo se os vai facer ou non.

**-Sr. Martín González, presidente:** moitas grazas Sr. Agís Balboa, ten a palabra a Sra. González-Haba Pérez.

- **Sra. González-Haba Pérez:** Grazas señor Alcalde. Mire Sr. Guisasola, fala vostede da súa débeda e da miña, eso son cousas persoais, vostede fai fronte ás súas débedas e eu as miñas, no concello son cartos públicos e con iso hai que ser super escrupuloso, son os cartos de todos os veciños e veciñas de Sanxenxo. Nada mais señor alcalde.

**-Sr. Martín González, presidente:** moitas grazas, ten a palabra o Sr. Otero Domínguez.

**-Sr. Otero Domínguez:** O señor Guisasola vén confirmar que das tres opcións que plantean no orzamento respecto do pago do gran investimento dos 1780€/m<sup>2</sup>, a que teñen prevista é a opción do endebedamento. Endebedarse non é ningún crime, evidentemente, pero se que é, como mínimo, bastante cuestionable ou reprochable que se extendan esos créditos a longo prazo, superando un mandato, dous ou tres. Por iso antes referíame á piscina, por exemplo, porque é algo que se amortiza a vinte anos, cando aquí se manexaron orzamentos de 65 millóns de euros, 80 millóns de euros e mesmo ata 114. É evidente que iso é abusar dunha etapa transitoria, porque todos estamos aquí de paso e iso de deixar a longo prazo para que outros paguen, en segunda xeración, non é tan honesto nin tan defendible como vostede fai ver. Despois, referido ao tema da convocatoria de prazas, o que non se pode é paralizar a administración pública, porque resulta que vostedes contemplaban daquela que non se repuxesen plazas e non eran novas convocatorias, eran reposicións sobre o habido e agora vostede fala da convocatoria de novas plazas, como a do inspector. E logo, referido ao millon e medio de euros de endebedamento, vostede tira do plan de axuste, que está xustificado en dúas circunstancias, unha delas e que as administracións o teñan comprometido, vostede fala do millon e medio de euros e non di que proxectos son. ¿Por qué? Porque non están comprometidos con ningunha administración e a palabra, aquí, non vale. As conversacións telefónicas dun alcalde cunha amiga ou amigo que esté

na Secretaría do Estado, iso, aquí, non vale, ten que estar suficientemente xustificado, mesmo o falamos o outro día na comisión. O tema do Pazo de Quintans está dentro dun global, tres mil millóns de euros do Ministerio de Fomento, pero onde está o documento que acompañe o compromiso concreto, mais aínda cando non están aprobados os orzamentos xerais do Estado. ¿Onde está? ¿Está incluído no orzamento? Polo tanto é todo sobre os futuro, incumprindo ese parámetro necesario que acaba de dicir, “que estean suficientemente” ou esté acreditado pola administración que o financia. E logo está outro apartado, o aspecto da catástrofe natural e estou de acordo sobre que é unha catástrofe, pero non é natural, é unha catástrofe procedente dunha negociación que nos obriga agora mesmo a recorrer a 3.025.000,00 euros a longo prazo, unha catástrofe que neste momento, convértese nun lastre unha vez máis. Voltamos ao pasado, a ese tipo de actitudes de endebedamento, de tratar de que veñan os demais detrás e paguen, porque iso, díggollo con toda a claridade, a sociedade aí fóra teno claro e se queixa de que sempre estamos pagando e devolvendo anticipos e non é endebedamento para facer cousas, é para cubrir lastres do pasado e diso é responsable, só faltaría que non o fose. Pola parte da sociedade, maioritariamente reprochábase ese tipo de conductas, que nos non imos avalar de ningún xeito.

**-Sr. Martín González, presidente:** moitas grazas Sr. Otero Domínguez. Creo que dá a impresión de que xa non queren dicir máis, entón voulle dar a palabra ao Sr. Guisasola, ten tres minutos para rematar, vostede tivo dúas intervencións, unha de vinte minutos e outra de doce minutos, a oposición interveu primeiro dez minutos, outros sete e, na última, interviñeron case todos cinco minutos, menos a Sra. González-Haba Pérez, que interveu minuto e medio. Á oposición, se algunha cousa teñen que dicir, doulles un minuto a cada un de vostedes, se queren e remata vostede Sr. Guisasola Padín, con dous minutos máis e despois remato eu o pleno. Eu creo que hai tempo suficiente para dicir o que haxa que dicir, se visen vostedes a acta do que do que levan falado, veríanse que se repetiron vinte veces as cousas. Ten a palabra señor Guisasola.

**-Sr. Guisasola Padín:** moitas grazas. Á Sra. Rodríguez Búa dicirlle que en ningún momento retirouse absolutamente nada da comisión, senón que se fixo unha nova proposta. A proposta inicial notificouse como se notifican as comisións, porque parece que facemos todo de maneira irregular, pero vostede ¿Que se cre? Que vostede é a única legalista aquí. Mire, teño a proposta que vostedes levaron para o ano 2016, a súa, podería enseñala ao pleno e dicirlle a proposta que levaba. Nos levamos unha proposta cos informes favorables, porque a unha comisión, como dixoo ben seu compañeiro, ten que ir con todos os informes favorables e é certo que, despois de negociado cos sindicatos, por certo teño aquí a acta da mesa de negociación, que é pública, onde os sindicatos, no único que non estaban de acordo, é nos complementos de produtividade, falámolo no grupo de goberno e decidimos facer esa modificación. Vostede crea falsas noticias e, de momento, non a vin rectificar. Dígame vostede onde o interventor fiscalizou desfavorablemente e, díxoo o compañeiro que ten ao lado, a ninguén se lle ocorre vir aquí ou a unha comisión, cos informes desfavorables. A mín desde logo que non. Vostedes falaban de crear catro prazas e non as cubriron, tiveron dous anos e non as cubriron. Eu comprométo-me a que no 2018 comezaremos coa oferta de emprego público, coas prazas todas orzadas. Vostedes non poden dicir esas cousas do plan de axuste, hai que saber interpretalo, trimestralmente va ao Ministerio de Facenda e, se algo teñen que dicir, xa o dirán. Entón, Sra. Rodríguez Búa, non nos veña a dar aquí leccións, porque se lle digo o que fixoo vostede en dous anos na súa área, a este concello chegaron reclamacións dos traballadores de todos os lados, dos sindicatos, de “Nauta”, de protección civil, da piscina. Sr. Agís Balboa, pola miña parte non vai ter ningún incumprimento e o señor alcalde, creo que o outro día na comisión, díxoo ben claro, despois imaxínome que lle contestará, niso estamos a traballar e nosa compañeira Paz Lago tamén está mirando o tema das obras que falou. En ningún momento dixen que o da ruta non era bo para os

veciños, no sei de onde sacaron iso. Sobre as declaracións do Sr. Otero Domínguez, xa lle digo que co tema do persoal estamos moi contentos, por vir aquí, mollarse e dicir, imos a ir a un plan 2018/2020, sabendo que a lei non permite unha subida lineal e os sindicatos, teño aquí a acta, valóranos, pero o Sr. Otero Domínguez está ao seu. Falaba do millón e medio de endebedamento, sígolle dicindo que vostede non le os papeis, no propio orzamento poñemos catro parámetros para este endebedamento e, un deles, é que ten que estar confirmada a subvención. Senón facemos isto hoxe e mañá conseguimos unha subvención de dous millóns e medio de euros para a rúa Progreso ou dos millóns para facer a Casa de Cultura de Vilalonga, teríamos que vir aquí e aprobar a modificación orzamentaria, aquí non quere dicir ninguén que neste momento asinemos xa un crédito, nin moito menos. Se non temos capacidade con fondos propios, mañá ¿Que eliminamos? ¿Eliminamos arranxar a rúa Progreso, que está como fai corenta anos? Nos financian dous millóns e medio, temos que poñer medio millón, non temos capacidade, pois non o facemos. Non teño porque defender eu ao señor alcalde, que sabe defenderse ben, pero mire, en Luis Rocafort hai que dicir a verdade, a zona verde xa estaba nas normas subsidiarias e este señor, cando foi alcalde, intentou solucionar este problema. ¿Que se cría, que se o deixaba como zona verde non habería nada que pagar naquela época? Intentou solucionalo da mellor maneira posible, non foi culpa do señor Telmo Martín e eu non teño porque defendelo, podería atacalo se fose o contrario, pero vén das normas subsidiarias e, creo que no ano oitenta e tantos, iso xa estaba posto e él, no 2003, intentou solucionar o problema e mandar iso a outro ámbito, estando de acordo todas as partes. Despois cambiouse ese ámbito e, evidentemente, a familia Rocafort reclamou, como é normal, a mín se me poñen unha zona verde na miña finca, reclamaría. Este orzamento é realista, por iso fixen o meu argumento ao principio, está xustificado, informado e cos datos reais. Para rematar, o tema de persoal é moi sensible, evidentemente temos capacidade orzamentaria para levar a todos os traballadores deste concello a niveis suficientes e eu entendo aos traballadores, isto pasa en cualquera sitio, poño exemplos de de empresa, porque vivo neste mundo e estou na administración e tómore isto moi en serio, dedícolle moitas horas, e quítoallas aos meus fillos, á miña muller e á miña empresa e non veño aquí a xulgar a ninguén, que quede ben claro. O que sufriu o plan de axuste e non tiña nin para comprar bolsas de lixo para as praias no ano 2011, foi o que fala e todos os compañeiros que o sufrimos aquí. Bos días, grazas.

**-Sr. Martín González, presidente:** moitas grazas Sr. Guisasola. Sra. Rodríguez Búa.

**-Sra. Rodríguez Búa:** hai un comentario italiano “o saber e a razón falan; a ignorancia e o erro gritan”. Simplemente dous comentarios. Como acaba de dicir o concelleiro Marcos Guisasola, a materia de persoal é tan sensible como para que vostede valore as súas propostas antes de facelas, porque dixó que presentou unha primeira proposta, que logo a valorou e, entón, decidiu cambiala por unha segunda, iso non o cre ninguén, porque ademais estaría a se descubrir vostede mesmo, dicindo que valora as súas propostas a posteriori. A proposta tena que valorar antes de presentala, precisamente porque é un tema especialmente sensible e pode crear problemas, como seguramente creará esta manobra que tiveron que facer, non por vontade propia, é evidente, senón externa, que viu principalmente, como vostede dixó, polos traballadores. Cando era concelleira o propio interventor explicoume que o que estades a facer do complemento de produtividade non se podía facer, porque este complemento, como seu nome indica, tense que dar ao final do ano, en función da produtividade do traballador e vostede, salvo que sexa adiviño, non pode saber, antes do comezo do ano, se ese traballador vai ser produtivo ou non. Qué pasa se ese traballador enferma ou non lle apetece traballar este ano. Estades a vos amparar no complemento de produtividade para facer outra cousa que non os permite o plan de axuste nin a lei, co que é evidentemente ilegal e por iso paráronvos os pés, non porque vostede se acordácese de valorar a proposta. No que se refería vostede das reclamacións de todo o persoal na miña

etapa anterior, as únicas reclamacións que a min me constan, son do servizo de emerxencias, por unhas horas extras realizadas antes de que eu chegase, ou sexa, o problema o tiveron eu, pero o xeraron outros, que é o que adoita pasar aquí e eu o solucioneino. Por certo vostede non se vai a atopar ningunha reclamación dese tipo, porque a solucionei antes de marcharme. Outra reclamación é a de Comisións Obreiras polo tema do convenio colectivo, a máxima reclamación de Comisións Obreiras no seu momento era porque non incluía a “Nauta” e a todo o mundo na negociación colectiva, eu explíquello por activa e por pasiva e eles non quixeron entendelo. Cando chegaron vostedes entendérono ao momento e non protestaron porque, que eu saiba, “Nauta” non vén no convenio colectivo, que é o que defendía desde o principio e eles non aceptaban, pero a vostedes chegoulles cinco minutos para que o aceptasen, iso é moi curioso e sorprendente e pódolle asegurar que non se debe a que as capacidades explicativas súas sexan mellores que as miñas.

**-Sr. Martín González, presidente:** moitas grazas, Sra. Rodríguez Búa, Sr. Agís Balboa, algo que dicir?

**- Sr. Agís Balboa:** eu quería rematar e non vou citar unha frase de ninguén, vou citar unha miña, “as veces prefiro ver ao futuro, aunque sexa con risco, que mirar ao pasado”, simplemente déixoo aí. Referente ao que están falando agora, ás veces rectificar é de sabios, se houbo cousas que se cambiaron e non se levaron adiante, por algo será, non se podía facer, non era conveniente ou por algunha razón non se fixo, xa está. Eu prefiro debater sobre cousas que se van a facer, o que non se vai facer, non se vai facer, esa cousa que estaban mencionando e discutindo de persoal e das historias que se eliminaron, pois xa está. Sanxenxo creo que merece o mellor e, mais que Sanxenxo, a xente. Había que pensar en axudar á xente que o necesita, sobre todo en temas especiais, en preservar, coidar, promocionar, cousas que aquí están, ás veces, no aire e non só o tema das praias, senón patrimonio, montes ou a mellora das infraestruturas. En definitiva facer todo o que sexa bo para mellorar e cambiar, non soamente para gañar eleccións. Dígollo ao alcalde, pero tamén aos que están aquí, porque todos falamos de Telmo, do que goberna, de Pita ou do que sexa que estaba aí, pero, ao final, todos os que estamos neste lado, que ao final é política, miramos ao outro pero, ás veces, temos que mirarnos a un mesmo. Está ben criticar pero tamén hai que ser construtivo e hai que facer autocrítica, que non é malo todo o que fan os demais e bo todo o que facemos nós mesmos. Prometer populismos queda moi ben, todo é moi bonito, pero como xa dixen, o importante é mirar para diante. Entón vou a votar a favor dos orzamentos, lle guste a quen queira, eu como dixen sempre, teño un pensamento libre e independente e vou a votar para mellorar e para cambiar, non para estar vivindo trinta anos atrás.

**-Sr. Martín González, presidente:** moitas grazas señor Agís Balboa, Sra. González-Haba Pérez, ¿Algo que dicir? Ante a negativa da concelleira do grupo mixto, Sr. Otero Domínguez.

**-Sr. Otero Domínguez:** Referido ao cofinanciamento de 1.500.000,00 euros, a data de hoxe vostede non ten absolutamente nada comprometido con outras administracións por escrito, non hai mais discusións sobre a data, nin retorcer as realidades, a realidade é esa, a día de hoxe non está constatado. Tamén me parece cargante que alguén vaia dándonos leccións permanentemente, cando se quere facer oposición á oposición, igual que fixo oposición ao goberno anterior, que se meta onde ten que estar, no PP, xa que por desgraza enganou a moita xente cando se presentou as eleccións dicindo que era de Podemos e hoxe é mais “pepero” que vostedes.

**-Sr. Martín González, presidente:** Sr. Guisasola, ten o turno para rematar.

**-Sr. Guisasola Padín:** felicitar as festas, feliz nadal e feliz ano, seguiremos traballando, agradecendo ao Sr. Agís Balboa o seu apoio.

**-Sr. Agís Balboa:** cando falei do pasado referinme ao pasado en xeral, o que pasa é que aquí algunha xente sente aludida, por algo será e co señor David Otero parece ser que hai un conflito sempre que estamos aquí, pensa que sempre falo del e non sei porque o toma así, pero se vostede dirixiuse a mín persoalmente, como lle dixeron, felices festas, eu son o que queira ser e o que me apetece, cando me dá a gana, así de claro. Eu voto por quen quero e non por quen me mandan, como fai seguramente moita xente, pensando na xente de Sanxenxo, tanto me dá que sexa de dereita, esquerda, centro, arriba ou abaixo. Aquí hai que mirar polos intereses dos veciños, non como fixeron algúns, que se esconderon detrás do señor Mosquera cando foi o tema da Rocafort e así lle foi. Grazas.

**-Sr. Martín González, presidente:** ¿Quere dicir algo, Sr. Otero Domínguez?

**-Sr. Otero Domínguez:** supoño que o señor Agís Balboa virá á inauguración do señor Mosquera, e pode ser que mesmo acuda alguén mais que quixo paralizar a obra, pode ser que teña a cara de presentarse.

**-Sr. Martín González, alcalde:** rematado o debate dos orzamentos do concello de Sanxenxo para o ano 2018, vou empezar polo último que acaba de dicir o señor Otero Domínguez. Para que non exista ningunha dúbida, este que lles fala non vai estar, porque estou ausente desde mañá día 28, ata o día 3, estaba pactado que a obra se inaugurase o día 22 ou o 23 de decembro, non puido ser e eu explíqueo a quen correspondía da Deputación. A obra é moi importante para nós, non vou porque non estou, se estivese aquí iría. O proxecto do orzamento de calquera entidade pública, neste caso do Concello de Sanxenxo, é o documento mais importante que ten sempre o grupo de goberno que lle toque encima da mesa, porque se trata, nada mais e nada menos, de que os cartos que pagan os veciños dos seus impostos, as súas taxas, se distribúan da mellor maneira posible. Por tanto eu sempre lle dou importancia aos orzamentos e non sei se será a primeira vez ou non que se aproban dous orzamentos en Sanxenxo no mesmo ano. Eu non vou entrar nos debates que se fan aquí sobre se é ilegal facelo sen ter liquidado o anterior, porque son cousas tan absurdas que creo que son lapsus sen a maior importancia, porque todos cometemos erros na vida. En calquera caso é un orzamento plenamente legal e consideramos que hai que aprobalo agora, porque o ano 2018 vai ser de moitísima actividade, o quero dicir hoxe aquí, porque levo sete meses ao fronte deste concello, nesta miña segunda etapa como alcalde e polo tanto tiven que tratar de solucionar, xunto co equipo de goberno, sobre todo coa axuda de Gonzalo Pita, que estaba de alcalde, cousas que non se puideron levar a cabo. Creo que houbo unha actitude, no 2017, de responsabilidade pola parte dos compañeiros que estaban no Goberno de Sanxenxo, que viron que era mellor chegar a un acordo, facer un pacto polo ben e interese xeral dos veciños de Sanxenxo e por iso estamos hoxe aquí, entón vou empezar a falar diso. Quero lembrar aquí e creo que é publico e notorio, que este goberno se formou por un acordo entre dous partidos, o SAL e o PP, para levar a cabo unhas actuacións que se asinaron nun pacto e eu creo que ninguén ten ningunha dúbida de que ese pacto se vai cumprir, os que o asinamos non a temos. Aproveito para dicir que se coñezo a unha persoa nalgunha entidade pública, algunha secretaria xeral de turismo, como dixeron vostedes, un ministro ou o quen sexa, pois claro que o vou aproveitar en beneficio de Sanxenxo, se para o Pazo de Quintáns conseguimos que nos dean unha subvención, pois benvida sexa. ¿Que é moi difícil? Claro porque vostedes saben que o goberno do Partido Popular en Madrid non ten maioría, ten minoría e, polo tanto, se entraban dous mil concellos para conseguir cartos, ao mellor agora entran catro mil ou cinco mil.

As cousas son moito mais difíciles, pero eu espero contar, sobre todo, co apoio da señora Gonzalez-Haba, porque o Partido Socialista é un partido importante e espero que faga as xestións pertinentes en Madrid, para que nos apoiem, o mesmo pódolle dicir ao Bloque Nacionalista Galego, despois o señor Agís e a señora Rodríguez non teñen representación no parlamento español e non lles podo pedir iso, pero vostedes dous, voceiros do PSOE e do BNG, creo que podían dar un empuxón e estou moi agradecido, igual que dixen publicamente varias veces que foi unha boa decisión por parte da Presidenta da Deputación os famosos plans dos concellos, aínda que non estou de acordo que se lle dean mais cartos aos Concellos de Vigo e de Pontevedra, porque as deputacións non se crearon para concellos de mais de 25.000 habitantes, as deputacións creáronse precisamente para xestionar concellos inferiores de 25.000 habitantes, porque ao mellor non teñen os medios suficientes para atender aos veciños. Se o fan e resulta que a Vigo lle chove unha cantidade de millóns impresionantes e a Pontevedra tamén, que lle imos a facer, se nós beneficiámonos en que en vez dun millón, imos ter dous e, despois, no 2019, non imos ter nada, ou depende, non se se sairá igual, en calquera caso, é de agradecer. Por tanto este orzamento queda curto señor Guisasola, non o dixo vostede, temos un millón de euros mais e teríamos medio millón mais, senón fose polas políticas responsables do PP, que aplicou unha rebaixa de impostos aos veciños de Sanxenxo de, aproximadamente, 500.000 euros. Este concello tivo mala sorte nos últimos anos e non quero meterme aquí con ninguén, a xestión económica, primeiro por parte do señor Guisasola, coincidiu nos momentos mais duros da crise deste país, polo tanto deste concello tamén e despois, houbo ao fronte un concelleiro que ao mellor non tivo e entendo que leva moitos anos aquí, pero de goberno soamente dous, o tempo suficiente, non digo que non tivese a capacidade, para poder levar a cabo o que estamos empezando a facer nós agora. Non se imaxinan vostedes o que nos vén encima, o orzamento vaise quedar moi curto. O orzamento, cando se ve e cando hai que crítico de verdade, é cando se remata o ano en curso do orzamento. Agora fállolle ao señor Agís, das tres cousas que nos pediu e díxenlle o outro día na comisión que claro que se van levar a cabo e agradezo que vote, foi o único que se pronunciou na oposición de cal vai ser a súa intención do voto, neste caso favorable, o que lle quero dicir e que a oficina da OMIX se vai a facer, sabe que posiblemente este ano sexa aínda difícil, porque temos que facer unha reorganización de todos os locais, o local da policía local consideramos que é pequeno e hai que melloralo, non sabemos se no mesmo sitio ou noutro lugar distinto do concello. Temos que facer a sala de ensaio, o que pasa é que non lle podo prometer que estea operativa este ano e vaino a ver vostede ao longo deste ano. Sobre o outro tema que me dicía, o de turismo, as rutas de senderismo, hai algo que xeraba dúbidas e que me preocupa, porque fun dúas veces a velo e se que é o camiño real, que sae de Sanxenxo e vai ata Aldariz, pero hai cousas que están un pouco mal, algúns se apoderaron, parece ser, de parte do camiño, aínda que a min gustaríame que estivese operativo ao longo deste ano, ademais temos unha xestión feita polo concelleiro de servizos, señor Rea, no tema da ruta dos Muiños, en Dorrón, que vamos a activar. Despois é importante potenciar a empresa municipal de turismo, que agora é 100% capital do concello, para o que temos que facer un cambio, así o fixen ver o outro día na comisión e creo que se vai poder facer ao longo deste ano 2018, polo tanto non teña ningunha dúbida que se o seu apoio aos orzamentos é baseado en que cumpramos isos tres requisitos, vanse cumprir, pode estar vostede tranquilo e pode andar orgulloso, presumindo cara aos veciños de Sanxenxo de que é unha persoa responsable e cando as cousas fanse sen interese político, senón polo interese dos veciños de Sanxenxo, pensen como pensen e voten a quen voten, vai estar vostede contento e pode andar coa conciencia moi tranquila. Hai unha persoa que ademais eu aprecio, porque creo que ten un percorrido importante, tanto a nivel persoal como a nivel político, pero que ás veces, e eu non me vou a atrever a dicir aquí de que a ignorancia soamente existe nas persoas que teñen pouca formación, porque a señora Rodríguez é unha persoa formada, fala como se fose ignorante das cousas, non se se é pola rabia que me ten a min ou pola



tirria que ten dentro, pero iso non é bo. porque eu, efectivamente, podo cometer erros e equivoqueime moitas veces na vida, pero vou dicir unha cousa, temos diferenzas de idade e de formación, pero hai outra cousa que nos diferencia, eu xamais fun unha persoa rencorosa, é mais considérome boa persoa e é boa persoa aquel que cando ten cargos públicos como este, fai as cousas sen mirar para quen as está facendo, sexan do que sexan, considérome unha persoa que cando teño a responsabilidade de dirixir, neste caso o Concello de Sanxenxo, intento facelo para o ben dos dezasete mil e poucos veciños, que ese é un tema que me preocupa moitísimo, porque están baixando os veciños considerablemente, temos que facer unha análise profunda e unha política activa, non podemos seguir perdendo poboación, cando resulta que polos datos que temos do consumo de auga; dos quilos de lixo que se xestionan con Sogama, resulta que dan uns datos moi superiores a 20.000 habitantes. O ano 2018 vai ser un ano moi activo, non vou repetir aquí o do parque empresarial, o do Pazo de Quintáns, vou parar soamente nun tema que se me preocupa, o dos traballadores deste concello. Se isto fose unha empresa privada, que non o é, pero vai haber que facelo igual, o primeiro que fai unha persoa cando chega a unha empresa é facer un cadro de mando, imaxino que saben o que é un cadro de mando, entre outras cousas analizar o persoal que ten esta casa, analizar que funcións ten cada un, que retribucións salariais, facer un traballo exhaustivo e teño que recoñecer que, ao mellor, cometemos un pequeno erro, faleino co concelleiro de facenda e tamén co tenente alcalde, Gonzalo Pita e a formulación que estamos a facer dos salarios en tres anos, paréceme ben, agora creo que debíamos profundar mais no tema, porque non estamos a facer a análise perfecta e podemos ter algún problema, hai que recoñecer ás veces un erro e, se cadra, equivocámonos e paramos o asunto porque o que pretendíamos facer agora co salario, que mais ou menos cremos que deben ter polas funcións que teñen nesta casa, todo mirado legalmente, o 30% do persoal, nos tres anos seguintes ou en dous, se cadra, podíase facer a todos os demais. Se hai que reestudalo doutra maneira o imos facer, que non pasa absolutamente nada e considero que nesta casa ninguén tivo a valentía de empezar así con este tema. Entón sóbeselles a unhas traballadoras que consideramos que non están ben retribuídas polas funcións que fan, pero haberá que facelo mellor e debía ser un tema de consenso entre toda a corporación, porque é verdade que todos os que estamos aquí gobernamos algunha vez, polo que temos que ser responsables e analizar ben ese asunto. Pouco mais que dicir, o ano 2018 vai ser de moitísima actividade neste concello, porque o necesita, teñan en conta que se van a facer mais cousas das que van no presuposto, estou convencido e iso é xestión, que é o que me encanta. Ata agora estívenme situando, xa o saben os meus compañeiros de goberno e agora dígollos tamén a vostedes e para que se enteren algúns veciños, agora é cando empezamos a gobernar de verdade. Temos a situación mais ou menos estable e estamos preparados para calquera cousa, mesmo para que se manifesten os traballadores desta casa, como dixo a señora Rodríguez, non hai ningún problema, están no seu dereito e me encanta que nun Estado de dereito e democrático, como é España, poúdase un manifestar cando discrepa nas accións que tome calquera goberno, neste caso o que presido. Agradecerlle aos servizos económicos, encabezados polo señor interventor, o que fixeron nestes últimos sete meses, aos servizos de contratación que dependen de secretaría, ao propio secretario e, como non, ao grupo de goberno, pero neste caso quero destacar o labor que estivo facendo nestes días e que non teño ningunha dúbida que seguirá facendo, o compañeiro Marcos Guisasola, por ser capaz de traer a este pleno dous orzamentos en sete meses, que é o verdadeiramente importante. Por último, felicitarlle as festas a todos, espero que os que poidan, veñan tomar hoxe un petisco, na escola de hostalería, en “Nauta”, ás 13:30 horas, creo que é bo, porque hai cousas que non se deben de perder nunca e pensar en positivo, porque cando pensas en negativo transmíteslle aos cidadáns tamén a negatividade, porque hai cidadáns neste concello que aínda o están a pasar mal e estamos tratando que desde servizos sociais se axude ao máximo das familias posibles.

Desexándolle a todos felices festas, unha boa saída e mellor entrada de ano novo, imos proceder á votación dos orzamentos para o ano 2018.

Rematado o debate o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Sr. Agís Balboa, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 5 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sra. González-Haba Pérez concelleira do Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).**

**Abstencións: 0.**

**En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos membros presentes, adoptou o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO:** Aprobar o orzamento xeral consolidado do Concello de Sanxenxo para o ano 2018 que integra o da propia entidade local, o O.A. Terra de Sanxenxo, a previsión da sociedade mercantil Turismo de Sanxenxo, S.L., a previsión da sociedade mercantil Nauta Sanxenxo e a previsión da sociedade mercantil Ínsula por un importe total de 32.216.373,59 € en ingresos e de 31.946.718,84 € en gastos (despois de eliminacións internas), as eliminacións ascenden en termos legais de consolidación a 3.142.506,20 €. euros, co seguinte desglose:

#### ESTADO DE INGRESOS

CAP.	E. LOCAL	TERRA	TURISMO	NAUTA	ÍNSULA	TOTAL	ELIMINACIÓNS	CONSOLIDACIÓN
1	8.842.627,50	0,00	0,00	0,00	0,00	8.842.627,50	0,00	8.842.627,50
2	436.702,38	0,00	0,00	0,00	0,00	436.702,38	42.506,20	436.702,38
3	5.596.216,38	813.897,01	50.000,00	1.737.460,22	300.000,00	8.497.573,61	0,00	8.455.067,41
4	4.029.712,79	3.677.509,87	0,00	0,00	10.000,00	7.717.222,66	3.100.000,00	4.617.222,66
5	174.118,48	0,00	0,00	100,00	0,00	174.218,48	0,00	174.218,48
6	3.025.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	3.025.000,00	0,00	3.025.000,00
7	2.140.535,16	0,00	0,00	0,00	0,00	2.140.535,16	0,00	2.140.535,16
8	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
9	4.525.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	4.525.000,00	0,00	4.525.000,00
TOTAL	28.769.912,69	4.491.406,88	50.000,00	1.737.560,22	310.000,00	35.358.879,79	3.142.506,20	32.216.373,59

#### ESTADO DE GASTOS

CAP.	E. LOCAL	TERRA	TURISMO	NAUTA	ÍNSULA	TOTAL	ELIMINACIÓNS	CONSOLIDACIÓN
1	4.833.443,81	2.324.638,59	34.635,35	503.433,16	60.750,00	7.756.900,91	0,00	7.756.900,91

2	6.649.589,84	1.898.668,29	7.870,85	784.041,11	117.175,00	9.457.345,09	42.506,20	9.414.838,89
3	124.773,04	3.000,00	0,00	20.000,00	0,00	147.773,04	0,00	147.773,04
4	3.138.400,00	265.100,00	0,00	0,00	100.000,00	3.503.500,00	3.100.000,00	403.500,00
6	12.563.521,97	0,00	0,00	200.000,00	0,00	12.763.521,97	0,00	12.763.521,97
7	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
8	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
9	1.460.184,03	0,00	0,00	0,00	0,00	1.460.184,03	0,00	1.460.184,03
TOTAL	28.769.912,69	4.491.406,88	45.506,20	1.507.474,27	277.925,00	35.089.225,04	3.142.506,20	31.946.718,84

**SEGUNDO:** Aprobar o cadro de persoal que figura como anexo do orzamento e que se aproba conxuntamente co orzamento de acordo co disposto no artigo 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local.

**TERCEIRO:** Proceder á exposición pública do orzamento aprobado polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncio que se inserirá no boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de reclamacións, entendéndose, definitivamente aprobado no caso de que estas non se presentaran.-----

E non habendo máis asuntos de que tratar, a presidencia acctal. levanta a sesión sendo as once horas, de todo o que, como secretario, **DOU FE:**